



## **INFORME DE LEGALIDADE SOBE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE SE CREA E REGULA O OBSERVATORIO GALEGO DA FAMILIA E DA INFANCIA**

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia, en relación co proxecto de Decreto polo que se crea o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, emite o seguinte:

### **INFORME**

#### **1. Marco normativo e competencial**

a) En base á habilitación competencial contida no artigo 148.1.20 da Constitución Española, a Comunidade Autónoma de Galicia está lexitimada para legislar en materia de familia de acordo co disposto nos apartados 23 e 24 do artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, dentro da competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No dito marco competencial, o Parlamento de Galicia aproba a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para garantir entre outros, o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas dentro do sistema de benestar.

Anteriormente, no ámbito da familia e da adolescencia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia. En virtude do desenvolvemento normativo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, que regula o Observatorio Galego da Familia. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia.

Posteriormente, o Parlamento de Galicia aproba a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recolle as necesidades derivadas dos cambios na sociedade e o reflexo dos cambios normativos. A dita Lei derroga a antedita Lei 3/1997, do 9 de xuño.

No Título Preliminar da Lei 3/2011, do 30 de xuño, recolle no seu artigo 4, a creación do Consello Galego da Familia e do Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órganos asesores e de participación, adscritos á consellería competente en materia de familia. Concretamente, a Lei define o Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia e indica que a súa composición e funcións establecerase regulamentariamente.

Por outra banda, na actual organización da Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e





voluntariado, na forma establecida no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

As políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, exerceranse pola consellería a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (atigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro).

Así mesmo, no dito decreto organizativo, concretamente no seu artigo 3, relacionanse os órganos colexiados adscritos á consellería, entre eles “d) O Observatorio Galego da Familia e da Infancia, creado pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia”.

## 2. Obxecto do proxecto de decreto

Como xa se indicou, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, e concretamente no seu Título Preliminar recolle as disposicións xerais, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de aplicación, os principios reitores, a imprescindible transversalidade que debe guiar as actuacións dos distintos órganos integrantes da Xunta de Galicia para poder dotar á dita lei da necesaria efectividade, así como a creación do Consello Galego da Familia e do Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órganos asesores e de participación.

Concretamente, no seu artigo 4 establece:

“Artigo 4. Órganos asesores e de participación.

1. Crearanse os seguintes órganos asesores e de participación:

a) O Consello Galego da Familia, como órgano colexiado permanente de participación e consulta da Xunta de Galicia, para a planificación e o desenvolvemento das políticas que a afecten.

b) O Observatorio Galego da Familia e da Infancia, como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia.

2. Ambos os órganos estarán adscritos á consellaría competente en materia de familia.

3. A composición e as funcións tanto do Consello Galego da Familia coma do Observatorio Galego da Familia e da Infancia estableceranse regulamentariamente.”

Así mesmo, na disposición transitoria única da Lei 3/2011, do 30 de xuño, establece:

“Disposición transitoria única. Vixencia transitoria.

En tanto non se desenvolvan regulamentariamente a composición e as funcións do Observatorio Galego da Familia e da Infancia previsto no artigo 4.1.b), manterase o funcionamento do Observatorio Galego da Familia regulado nos artigos 16 a 23 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, e do Observatorio Galego da Infancia, creado polo Decreto 184/2008, do 4 de xullo.”





De conformidade co exposto, a nova norma ten por obxecto a creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia e a regulación da composición e funcionamento do dito órgano colexiado.

### 3. Acerto e oportunidade

De conformidade co exposto e tendo en conta o mandato normativo indicado, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica promove a tramitación da creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia, así como a regulación das súas funcións, composición e réxime de funcionamento, recollendo os obxectivos estratéxicos no eido da familia.

Así, vista da estrutura e do contido do proxecto normativo, pódese colexir que permite acadar o obxectivo proposto.

### 3. Tramitación da disposición administrativa de carácter xeral.

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, o proxecto acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Así mesmo, axustase ao disposto nos artigos 127 e seguintes de Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Consellería de Política Social o 3 de abril de 2018 (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro), o centro directivo da dita Consellería promotor da súa tramitación, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, remitiu á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica o texto do anteproxecto do decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, de conformidade co artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade e memoria complementaria.
- Unha memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.

Xustifícase no expediente a exención da consulta previa dado o carácter parcial e organizativo da disposición.

O texto presentado tras o título e a parte expositiva, comprende quince artigos agrupados en dous capítulos, referidos á disposicións xerais e normas e organización e funcionamento. A parte final comprende tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o servizo de apoio técnico-xurídico da subdirección xeral de coordinación administrativa da Secretaría Xeral Técnica, elaborou o preceptivo informe con data 27 de xuño de 2018 e o texto decreto obtivo a aprobación inicial como proxecto pola persoa titular da Consellería e competente en materia de asistencia social (Consellería de Política Social) o 27 de xuño de 2018





En cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o proxecto normativo publicouse no Portal de Transparencia para que as persoas puidesen presentar as suxestións que considerasen oportunas, dende 11 de xullo de 2018 o ata o 1 de agosto de 2018.

A través do Portal de transparencia ten entrada as suxestións ao proxecto presentadas polo Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (Ceesg) sobre a súa participación na composición así como proposta na redacción da designación dos vogais. Así mesmo, durante o dito período o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia presenta a través de rexistro público as súas suxestións no referente a súa participación na composición.

O tratamento das suxestións recibidas neste trámite consta no informe emitido polo órgano promotor do proxecto que se xunta ao expediente.

Iniciada a fase intermedia, de acordo co establecido no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, procedeuse a apertura do trámite de audiencia por un periodo de 15 días hábiles as seguintes entidades:

- . Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia
- . Universidade da Coruña
- . Universidade de Santiago de Compostela
- . Universidade de Vigo
- . Confederación de Empresarios de Galicia
- . Sindicato Nacional Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO)
- . Unión Xeral de Traballadores (UXT)
- . Confederación Intersindical Galega (CIG)
- . Central sindical independente de funcionarios (CSIF)
- . Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
- . Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POI Galicia)

Presentaron alegacións no prazo establecido:

- . A Delegación de Goberno de Galicia en relación ao artigo 6 sobre a composición proponendo a referencia ás unidades contra a violencia sobre a muller adscritas ás subdelegacións do Goberno
- . A Confederación Intersindical Galega en relación ao estilo da linguaxe empregada e sobre os artigos 4, 5, e 6, polo que se refire aos obxectivos, as funcións, a representación das organizacións presentes na Mesa Xeral de Negociación das administracións públicas, a referencia específica á Confederación de Empresarios de Galicia e a gratuidade na participación.
- . A Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia en relación ao artigo 6 sobre a denominación do seu representante.

Así mesmo deuse audiencia ás consellerías que integran a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. A Consellería de Facenda presenta as alegacións formuladas polo Instituto Galego de Estatística aos artigos 4 e 5. A Secretaría Xeral da Presidencia que remite as alegacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia-Amtega en relación ao artigo 15.

Na dita fase de tramitación, o proxecto de decreto foi sometido ao informe dos seguintes órganos:





- Informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Informe favorable de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. O proxecto non supón impacto económico.
- Informe de impacto de xénero emitido pola Secretaría Xeral da Igualdade que emite propostas de redacción aos artigos 5 e 6 sobre as funcións e sobre a composición que se aceptan, así como recomendacións en relación á utilización dunha linguaxe normativa non sexista igualmente aceptadas.
- Informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública.
- Certificación do acordo emitido polo Consello Galego de Benestar Social adoptado na súa reunión extraordinaria celebrada o 18 de decembro de 2018, unha vez visto o proxecto e a súa tramitación. Xuntase así mesmo, certificación emitida polo secretario do Consello en relación ás suxestións achegadas polo Comité de Entidades de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (Cermi Galicia) referida á parte expositiva do texto e que foi rexeitada.

As observacións recibidas no trámite de audiencia e nos informes foron obxecto de estudo e o seu tratamento consta no informe remitido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica que obra no expediente.

Na fase final o proxecto de decreto, na súa versión do 9 de xaneiro de 2019, xunto co expediente administrativo, someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 5 de febreiro de 2019.

Tras as observacións de carácter xeral sobre a competencia, o procedemento da elaboración de disposicións de carácter xeral, o fundamento competencial e normativo, a natureza como regulamento ditado en execución dunha lei e polo tanto executivo, no informe, a Asesoría Xurídica recolle unha serie de observacións sobre o texto.

En primeiro lugar manifesta de xeito xeral a atención as directrices de técnica normativa que levan consigo a recomendación sobre a revisión na redacción do texto na consecución da maior precisión, exactitude e claridade.

En segundo lugar e de xeito específico procede ao análise do texto coas seguintes observacións.

No referente ás funcións do órgano establecidas no artigo 5, entende que en moitas ocasións vinculanse á emisión de informes ou propostas que deben relacionarse co artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Ao respecto e como consta no informe do órgano proponente, a emisión de informes e propostas non se configura como única ou principal. Por outra banda, na denominación do órgano recollese a determinada na propia Lei 3/2011, do 30 de xuño.

No referido á composición, incide na denominación dos órganos que forman parte desta recomendando a súa designación por referencia ás funcións, que se revisa e xustifica no expediente.

No dito artigo 5 sobre as funcións, advirte sobre a improcedencia das atribucións xenéricas que non veñan determinadas na norma de creación axustándose así ao disposto no artigo 15 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Ao respecto, as funcións axustanse á Lei 3/2011, do 30 de xuño, eliminando a previsión xenérica.

Polo que se refire ao artigo 7 da presidencia sobre a función do nomeamento e cese dos membros titulares e suplentes, cada membro designa ao seu candidato representante que será nomeado polo presidente.





Polo que se refire ao artigo 8 da vicepresidencia, puntualiza sobre as causas que determinen a suplencia do presidente. Igualmente sobre a atribución xenérica inherente ao cargo relacionadas coa familia e infancia. Ao respecto enténdese que as causas que determinan a suplencia axustanse á Lei 16/2010, do 17 de decembro. No referente a función residual indeterminada eliminase.

Polo que se refire ao artigo 9 da secretaria igualmente puntualiza sobre atribucións xenéricas que non se sustentan no marco da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Ao respecto revisase a función residual no marco da condición de secretario/a.

En relación aos membros do órgano establecidos no artigo 10 igualmente as funcións deberán axustarse ás determinadas na norma de creación ou acordo válidamente adoptado. Ao respecto revisase a redacción. Igualmente sobre as causas do cese puntualiza sobre a improcedencia de conceptos indeterminados que poden atentar ao respecto ao principio de seguridade xurídica. Neste punto, como se recolle no informe xustificativo, mantense a redacción dado que a causa indicada deberá ser xustificada.

Na parte final, polo que se refire ao contido da disposición adicional primeira, entende que non se axusta á natureza das disposicións adicionais. Non obstante, enténdese neste caso polo seu contido residual.

#### 4. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Política Social e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, tras o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Resultado das revisións durante a tramitación, o proxecto de decreto, tras o título e a parte expositiva, componse de quince artigos distribuídos en dous capítulos, tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras, como se indica:

##### Capítulo I. Disposicións Xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Artigo 2. *Natureza e adscrición*

Artigo 3. *Réxime xurídico*

Artigo 4. *Obxectivos*

Artigo 5. *Funcións*

##### Capítulo II. Normas de organización e funcionamento

Artigo 6. *Composición*

Artigo 7. *A Presidencia*

Artigo 8. *A Vicepresidencia*

Artigo 9. *A secretaria*

Artigo 10. *As vogalías*

Artigo 11. *Duración do mandato*

Artigo 12. *Funcionamento*

Artigo 13. *O Pleno*

Artigo 14. *Grupos de traballo*

Artigo 15. *Publicidade*

Disposición adicional primeira. *Réxime económico*





Disposición adicional segunda. *Confidencialidade*  
Disposición adicional terceira. *Constitución do observatorio*  
Disposición transitoria única. *Réxime transitorio*  
Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*  
Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*  
Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

De acordo co exposto, considerase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente o proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe

O subdirector xeral de Coordinación Administrativa

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Coordinación Administrativa, informa favorablemente o proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital do presente informe.

A secretaria xeral técnica

